



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Segunda convocatoria de proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición en quenda reservada para persoas con discapacidade, dunha praza de traballador/a social (OEP 2024)

Convocatoria de proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza vacante de traballador/a social persoal funcionario de carreira (OEP 2024) quenda reservada a persoas con discapacidade.

Esta alcaldía polo Decreto núm. 1299/2025, do 14 de xullo, aprobou, convocar novamente, tras quedar deserto nunha primeira convocatoria, o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase técnicos medios (Grupo A, subgrupo A2 de clasificación) denominada: traballador/a social, vacante no cadro de persoal e incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2024 (BOP núm. 77, do 19-4-2024), mediante o sistema selectivo de oposición en quenda reservada a persoas discapacitadas.

E aplicarlle á dita convocatoria:

- as bases específicas aprobadas pola resolución de alcaldía núm. 983/2024, do 24 de maio (BOP núm.104, 30-5-2024)
- as bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da oferta de emprego público para o Concello de Sada do ano 2024, aprobadas polo Decreto desta Alcaldía núm. 938/2024, do 16 de maio, (BOP núm. 104, 30-5-2024).

O que se publica para coñecemento xeral

Sada, 15 de xullo de 2025

O alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2025/4745